

Instrucións para a solicitude de recoñecemento de créditos ECTS para actividades recollidas no Regulamento aprobado en Consello de Goberno de 10 /10/ 2016

1. Cumprimentar, asinar, e presentar por rexistro, debidamente o impreso de solicitude que se atopa no seguinte enderezo <https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudantes/mentres-estudas> indicando o título da actividade nos tres idiomas (galego, castelán e inglés), xunto co “programa detallado” debidamente cuberto.

2. As actividades susceptibles de recoñecemento deben estar organizadas sempre por unha persoa que sexa membro da Universidade de Vigo.

3. No caso de actividades organizadas por unha **institución de educación superior**, nas que exista un convenio previo, asinará a persoa responsable da organización.

- A sinatura do convenio tramítase a través da vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria (dous exemplares asinados en todas as follas).

- Achegarase tamén o modelo de convenio que figura neste [enlace](#).

4. No caso de actividades **coorganizadas con outras institucións** que non sexan de educación superior, será indispensable aportar o ACORDO DE ORGANIZACIÓN CONXUNTA (cun formato libre) asinado por ambas partes.

5. No caso de actividades virtuais ou en liña deberán certificarse pola persoa responsable xustificando o número de horas atribuídas e ademais aportar xunto coa solicitude, unha memoria do seguimento e aproveitamento destas actividades, onde figure un resumo coas actividades que se van a facer e como van a ser avaliados.

6. Entregar a documentación en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo ou por calquera outro dos medios previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **cunha antelación mínima de dous meses antes da data de comezo da actividade**.

Este prazo de dous meses é indispensable para garantir unha oferta pública e transparente das actividades obxecto de recoñecemento da nosa Universidade de cara ao alumnado, así como para favorecer a publicidade pola parte organizadora.